



PROBAS PARA ACCEDER ÁS ENSINANZAS ARTÍSTICAS PROFESIONAIS DE ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO

- **Proba de acceso substitutiva do requisito de titulación:**

Substitutiva do título de ESO.

- **Primeira parte:** Versará sobre as seguintes materias: Lingua Galega, Lingua Castelá, Área Científico-tecnolóxica e Área Sociocultural. O alumnado **seleccionará tres** destas materias. O tempo máximo para responder as cuestións de cada materia será de sesenta minutos.
- **Segunda parte:** Versará sobre contidos relacionados coa educación plástica e visual. Consta da realización, durante un tempo máximo de tres horas, dun exercicio de composición de libre interpretación e técnica, baseado nun modelo proposto.

Substitutiva do título de bacharelato.

- **Primeira parte:** Versará sobre as seguintes materias: Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura, Lingua Estranxeira (Inglés ou Francés), Historia de España, Filosofía. As persoas aspirantes **seleccionarán tres** destas materias. O tempo máximo para responder as cuestións de cada materia será de sesenta minutos.
- **Segunda parte:** Versará sobre contidos relacionados coa Historia da Arte. O tempo máximo para a realización desta proba será de unha hora.

- **Proba de acceso específica:**

Acceso a ciclos formativos de grao medio.

Acceso a ciclos formativos de grao superior.